



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)

Tel.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 7 DE XULLO DE 2026.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día sete de xullo de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter extraordinario, a petición dos Concelleiros do grupo municipal socialista. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA

D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ

D^a. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO

Non asiste D. Jorge Antonio González Alarcón, D. Adán Formigo Sánchez e D^a. Silvia Rodríguez Ferro. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a tratar os asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- CATÁSTROFE HUMANITARIA QUE SACUDIU VENEZUELA FAI ESCASOS DÍAS.- o Sr. Alcalde concédelle a palabra o Sr. Carreiro Estévez para explicar a moción do grupo socialista, cuio texto é o seguinte:

BEADE
REGISTRO ENTRADA
2026-E-RC-197
26/06/2026 12:14



Miguel A. Carreiro Estévez y Dña Carmen Rama Coteló, ambos pertenecientes a la Corporación municipal de Beade y miembros del grupo socialista en el mismo,
Solicitan:

la celebración de un pleno extraordinario y urgente debido a la catástrofe humanitaria que ha sacudido Venezuela hace dos días escasos.

Mediante este pleno característico, se propone que se solicite información al Consulado de Venezuela en Vigo para así saber de primera mano que útiles son urgentes e imprescindibles con los que este ayuntamiento pueda de forma rápida y eficaz ayudar a nuestro pueblo hermano venezolano.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)

Tel.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

También y de la misma forma que esta alcaldía amparada en la aprobación de esta moción, la forma más eficaz y efectiva en colaboración con Cruz Roja, organizaciones humanitarias, Caritas, ONU, Save the Children, diputación provincial etc. etc.

Es por ello que:

por parte de esta alcaldía convoque de manera urgente y extraordinaria un pleno con este carácter para así dar visibilidad a todos los emigrantes de Venezuela en España y a los vecinos de Beade y Comarca que Venezuela ha sido y todavía es su país al que tuvieron que emigrar intentando encontrar una vida mejor que la que en su día le ofrecía el ya difunto Franco, dictador que no quería a sus hijos, pues gracias a él y sus secaces las familias se separaron y generó traumas que aún hoy son visibles en cualquier



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)

Tel.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

familia que tivese que emigrar por
obligación.

Creemos que la celebración de este pleno
en su carácter urgente y extraordinario
haría un pequeño y a su vez gigante
reconocimiento a muchos vecinos y recordar
nos a todos el drama de la inmigración
y emigración en la que por desgracia Euro
pa se suma a la denia de la derecha y
la ultraderecha, siendo este país, España
el único referente importante en salvaguar
dar los derechos y deberes de la lacra
que significa la e-in migración.

Por lo que:

Solicita tenga a bien convocarlo.

12/6 JUN. 2026

Miguel A. Carreiro

Carmen Rana

O Sr. Carreiro considera que a razón de ser deste Pleno é que, na vila de Beade e na comarca, Venezuela supuxo unha vía de escape moi importante na época de Franco. Nesa época, había que marchar a Europa ou a América e se unha persoa vaise dun país é porque hai un problema moi grande no país. Hai xente de Beade que marchou a Venezuela a buscar unha mellor vida. Por tanto, a moción busca render homenaxe á xente de Beade que aínda ten raíces en Venezuela e que o Concello estea aberto a ofrecer axuda ás devanditas persoas.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)

Tel.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

A proposta é que o Concello se poña ao dispor das persoas que teñan algunha vinculación con Venezuela, que o Concello poida ofrecer as axudas que se soliciten, do tipo que sexa, dentro das súas capacidades. Comenta que se centraría na colaboración con Cáritas, xa que é a vía principal por onde se poden canalizar as axudas a Venezuela.

O Sr. Alcalde preguntalle qué propón que faga exactamente o Concello, porque se o que ten que facer é mediar cos veciños, non hai problema de ningún tipo, e xa o está facendo en calquera tipo de asunto.

O Sr. Carreiro indica que si, que a idea sería que o Concello axudase como intermediario nas pretensións que poidan ter os veciños.

A Alcaldía resposta que o Concello sempre intenta axudar aos veciños, con independencia do tipo de trámite que sexa.

A continuación, e logo de explicar a súa proposta o grupo municipal socialista, o Sr. Alcalde procede á lectura do escrito presentado pola representante de Avide, no que xustifica a súa ausencia no Pleno, e que se achega a continuación:

“Pola presente, a Concelleira abaixo firmante xustifica formalmente a non asistencia ó Pleno Extraordinario convocado para o día 07/07, cuio único orde do día é debatir a situación e o terremoto de Venezuela, en base as seguintes consideracións:

PRIORIDADE DE XESTIÓN LOCAL: O noso Concello conta cunha poboación de apenas 200 habitantes e arrastra, dende hai tempo, graves deficiencias nos servizos básicos e unha acuciante falla de persoal especializado. Consideramos que os recursos, o tempo e o esforzo desta Corporación deberían centrarse de xeito urxente en resolver os problemas do día a día dos nosos veciños.

SOLIDARIDADE SEN BUROCRACIA: Queremos deixar claro que non restamos nin un ápice de importancia á catástrofe ocorrida en Venezuela, nin á necesidade de mostrar solidariedade co pobo venezolano. Poren cremos firmemente que para canalizar á axuda humanitaria ou facer unha declaración institucional non é preciso convocar un Pleno Extraordinario, un mecanismo que xera un gasto de tempo e recursos públicos innecesario para este fin. Esta axuda poderíase ter coordinado moi ben mediante un acordo de xunta, unha resolución de Alcaldía ou unha sinxela convocatoria de colaboración veciñal.

FALTA DE EFECTIVIDADE DA CONVOCATORIA: Lamentamos que o PSdeG decidira forzala maquinaria burocrática cun Pleno Extraordinario que, na práctica, non conleva ningunha axuda real nin efectiva que non poidera ser xestionada por vías ordinarias e mais áxiles.

Por todo o exposto, e en sinal de coherencia da Agrupación de AVIDE co mandato de priorizar o benestar e os servizos do noso Concello, declinamos asistir a dita



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Ribeiro, 28 - 32431 Beade (Ourense)

Tel.: 988 480 034 Fax: 988 480 075 Correo electrónico: info@beade.es

sesión, reiterando o noso compromiso coa solidariedade internacional a través das canles adecuadas e eficientes.

Solicitamos que este escrito sexa lido inicio da sesión e conste de xeito íntegro na acta do Pleno.

En Beade, a día 6 de xuño de 2026.

Silvia Rodríguez Ferro.

Concelleira de AVIDE."

A Sra. Rama Coteló comenta, respecto ao escrito da representante de Avide, que o primeiro pleno extraordinario desta lexislatura tivo lugar por petición de Avide e que contou co apoio do PSOE. Desde o PSOE considerouse que era prioritario, pero igual que o é o pleno de hoxe. Igual que hai moitas ONGs e grandes empresarios, tamén hai Administracións que deben colaborar coa catástrofe venezolana. Ademais, tendo en conta a cantidade de beadenses que hai en Venezuela, é de vital importancia este pleno e que haxa nos orzamentos unha partida que se poida canalizar cara ao pobo venezolano. Estamos en débeda cos países latinoamericanos nos que os galegos emigramos.

Comenta que non ten familia en Venezuela, pero si no Uruguai e que sabe o que é saír de Galicia para buscarse no estranxeiro un futuro. Gustaríalle que todos os beadenses que o están pasando mal en Venezuela tivesen un chisco de cariño. Necesitan un soporte emocional e material para que exista a esperanza e a ilusión e non decaian as forzas para reconstruír o país.

O Sr. Carreiro pide que conste en acta que este pleno non vai supoñer un custo adicional para o concello máis aló dun pouco de traballo para o Sr. Alcalde e o Sr. Secretario.

Rematadas as intervencións, e a vista da proposta amosada polos representantes do grupo municipal socialista, tendente a axudar a todos os venezolanos que aparezan pola porta do concello para tramitar papeis, e en todo o que se poida, na medida das posibilidades do Concello, a Alcaldía somete a votación a mesma, aprobándose por UNANIMIDADE dos presentes.

Neste momento da sesión, por parte da Alcaldía levántase a mesma, sendo ás doce horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Asdo.: Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,

Asdo.: Pablo Fernández Loureiro.